

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 8 DE XULLO DE 1996.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día oito de Xullo de mil novecentos noventa e seis; ás sete da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez. - Concelleiros: Don Xose Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 1 de Xullo.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIUDADANS.-

Examinado o expediente promovido por Don Ramón Gallego Quinteiros, Administrador de Recreativos RAMY, veciño de Ourense, con domicilio en Avda. Universidade, 27, en virtude de instancia número 3.334, do 10 de Novembro de 1995, solicitando licenza municipal para apertura de salón de máquinas recreativas, na rúa General Aranda, 3, desta Vila, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado por Decreto 2.414/1961, do 30 de Novembro.- RESULTANDO.- Que se cumpriron os trámites de

información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos incorporando os informes do Xefe Local de Sanidade e dos técnicos congruentes coa natureza da actividade.- CONSIDERANDO.- Que o proxecto reúne os requisitos esixidos e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadana e a súa adecuación ó medio ambiente suxetarase ó informe que emita a Comisión Provincial de Medio Ambiente.- CONSIDERANDO.- Que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona no planeamento urbanístico e CONSIDERANDO que na zona ou nas súas proximidades non existe risco de actividades xeradoras de efectos aditivos análogos.- Visto o Decreto 2414/61, do 30 de Novembro e demais disposicións concordantes de aplicación, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda: 1.- Informar favorablemente a concesión da licenza municipal instada por Don Ramón Gallego Quinteiros, Administrador de Recreativos RAMY para a apertura de salón de máquinas recreativas na rúa General Aranda, 3, desta Vila, xa que no expediente observáronse tódalas prescricións que establece o devandito regulamento e disposicións complementarias.- 2.- Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial de Medio Ambiente da Xunta de Galicia ós efectos previstos no artigo 33 do referido Regulamento en relación coa calificación da actividade.

Examinado o expediente promovido por Don Baltasar López Lamas, en representación de Coloniales Cruz, con domicilio en Estrada de Vigo, p.k. 542, de Ourense, en virtude de instacia número 1.255, do 25 de Abril de 1996, solicitando licenza municipal para apertura de supermercado, na rúa Ribeiro, 21, desta Vila, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado por Decreto 2.414/1961, do 30 de Novembro.- RESULTANDO.- Que se cumpriron os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos incorporando os informes do Xefe Local de Sanidade e dos técnicos congruentes coa natureza da actividade.- CONSIDERANDO.- Que o proxecto reúne os requisitos esixidos e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadana e a súa adecuación ó medio ambiente suxetarase ó informe que emita a Comisión Provincial de Medio Ambiente.- CONSIDERANDO.- Que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona no planeamento urbanístico e CONSIDERANDO que na zona ou nas súas proximidades non existe risco de actividades xeradoras de efectos aditivos análogos.- Visto o Decreto 2414/61, do 30 de Novembro e demais disposicións concordantes de aplicación, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda: 1.- Informar favorablemente a concesión da licenza municipal instada por Don Baltasar López

Lamas, na representación de Coloniales Cruz para apertura de supermercado na rúa Ribeiro, 21, desta Vila, xa que no expediente observáronse tódalas prescripcións que establece o devandito regulamento e disposicións complementarias.- 2.- Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial de Medio Ambiente da Xunta de Galicia ós efectos previstos no artigo 33 do referido Regulamento en relación coa calificación da actividade.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, ten coñecemento dos seguintes:

Do Instituto Galego de Vivenda e Solo, sobre axudas ós Concellos en materia de infravivenda rural.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura relativa ó quilometraxe presentada por Don José Manuel Deaño Carballal, correspondente ó mes de Maio, por importe de 13.848 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó Convenio de colaboración entre este Concello e maila Irmandade Deportiva Sarmientos, para a organización do torneo de verán de baloncesto.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o recoñecemento a conta de 3.000.000 pesetas, derivados das obrigas do contrato de espectáculos artitísco-musicais das Festas do Portal 1995 a Camoeiras Espectáculos Artísticos.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento a conta á Empresa Expo Galicia, Exposiciones Gallegas S.L., a cantidade de 575.320 pesetas por aluguer de "stands" e servicios de organización da XXXIII Edición da Feira do Viño do Ribeiro.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento a conta á Empresa Electro Galicia, a cantidade 125.000 pesetas, polos traballos levados a cabo na substitución de puntos de luz do alumeado público, dentro do Programa Alumeado

Público.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento a conta á Empresa Electro Galicia, a cantidade 702.000 pesetas, polos traballos levados a cabo na substitución de puntos de luz en centro docentes, dentro do Programa Dosaluz.

Tendo en conta que non se remataron os traballos de Rehabilitación da Casa de Dona Nona, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda solicitar ó INEM a prórroga ata o 31 de Agosto de 1996 dous albaneis de colaboración social ó abeiro do Convenio de colaboración social regulado polo Real Decreto 1445/1982.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-la liquidación por servizos prestados polos profesores colaboradores do Conservatorio de Música de Ribadavia do curso académico 95-96, por un importe total de 3.805.000 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o expediente de xeración de créditos nº 3/96, por importe de 827.000 pesetas, con cargo a compromisos firmes doutras Administracións que se adicará que se adicará a financiar gastos que pola súa natureza son competencia desta Administración Municipal.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o expediente de xeración de créditos nº 4/96, por importe de 14.700.638 pesetas, con cargo a compromisos firmes doutras Administracións que se adicará que se adicará a financiar gastos que pola súa natureza son competencia desta Administración Municipal.

A Comisión Municipal de Goberno por unanimidade, acorda a aprobación do presuposto de 875.000 pesetas, IVE non incluído, presentado por "Rotulación e Decoración Miguélez", con domicilio en Avda. Redondela, 23, desta Vila, por montaxe da XII MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO, a celebrar nesta Vila no presente mes de Xullo.

A Comisión Municipal de Goberno por unanimidade, acorda a aprobación do presuposto presentado por "Rotulación e Decoración Miguélez", con domicilio en Avda. Redondela, 23, desta Vila, pola rotulación de carteis con propaganda relacionada coa programación cultural e festiva de Ribadavia incluíndo a súa colocación, a razón de 20.000 pesetas por unidade. Asemade, tamén se acorda a aprobación do presuposto por importe de

125.000 pesetas por montaxe e rotulación dun cartel iluminado e decorado da XII MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO e outros. En ámbolos dous presupostos non se inclúe IVE.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non se formularon.

E sendo as sete e media da tarde, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.